

Desde as frases ou sintagmas ás funcións oracionais

Como sabemos, as frases desempeñan unha función na cláusula determinada polo verbo. Non hai unha relación directa entre o tipo de frase e as funcións, mais si un abano de posibilidades. Vexamos as principais.

En calquera caso, debemos ter claro que no nivel da cláusula non temos as mesmas funcións que dentro dunha frase ou sintagma. As funcións de Núcleo, Modificador ou Termo son específicas da frase. Dentro da cláusula procuraremos o Suxeito, o CD, o CI, o CC, etc.

1.

A delegada

O director

As miñas irmás

...

Frases nominais [e igualmente coas substantivas]

Elixírona <u>delegada</u>	<u>A delegada</u> dimitiu	Escoitamos <u>a delegada</u>	Iria é <u>a delegada</u>
CPRED	SUX	CD	ATR
Apareceu <u>o director</u>	Meu pai é <u>o director</u>	Vin <u>o director</u>	Nomeárono <u>director</u>
SUX	ATR	CD	CPRED
Elas son <u>as miñas irmás</u>	Levei <u>as miñas irmás</u>	<u>As miñas irmás</u> vanse	
ATR	CD	SUX	

As frases nominais poden ser, logo, Suxeito, CD, Atributo ou C. Predicativo, a maiores de CC (Chega esta tarde). Ten en conta que [a tendencia xeral do galego para o CD é a f.n., non a f.prep.](#)

Ollo: non confundas as frases nominais coas preposicionais con a que teñen a preposición contraída co artigo. Non é o mesmo *Levei as miñas irmás* que *Leveilles algo ás miñas irmás*. Neste último caso, temos f.prep. e función CI.

Levei as miñas irmás

CD (leveinas)

Leveilles algo ás miñas irmás

CI CD CI (levéillelo)

2.

Cansa

Espelidos

Espesa

...

Frases adxectivas

Túa nai está cansa

ATR

A adestradora volveu cansa

CPRED

Estes rapaces son espelidos

ATR

De súpeto volvéstesvos espelidos

CPRED

A sopa está espesa

ATR

A sopa quedou espesa

CPRED

As frases adxectivas poden ser Atributo ou C. Predicativo.

Ollo: non no caso de frases que funcionan de Modificador no nivel da frase. Así, en ***Substituíu a rapaza cansa***, temos como principal na cláusula unha frase nominal (CD):

Substituíu	a	rapaza	cansa
DET	N	MOD	
CD			

3.

Á miña irmá	Ás présas	...
De madrugada	Cun pau	...

Frases preposicionais

Deillo <u>á miña irmá</u>	Refírome <u>á miña irmá</u>	Levei <u>a María</u>
CI	CPREP	CD
Opóñome <u>ás présas</u> (estou en contra das présas)	Fíxoo <u>ás présas</u>	
CPREP	CC	

As frases preposicionais con preposición a poden ser CD (só practicamente con pronomes e nomes propios), CI, C. Prep. (Suplemento ou C. de Réxime) ou CC.

Lembreime <u>da madrugada</u>	Espertei <u>de madrugada</u>	
CPREP	CC	
O can para xogar confórmase <u>cun pau</u>	Deu <u>cun pau</u> (atopouno)	Deulle <u>cun pau</u>
CPREP	CPREP	CC

As frases preposicionais con preposicións distintas de a adoitan ser C. Prep. (Suplemento ou C. de Réxime) ou ben CC. Podes consultar [aquí unha listaxe de verbos con Complemento de Réxime](#).

Ollo 1: Unha frase preposicional tamén pode ser Atributo (*Este viño é do Ribeiro*) e mesmo Predicativo (*Chegou de bo humor*).

Ollo 2: **Para elas** pode ser CI? Por exemplo en *Tráíollo para elas*. Nunca, é CC, pois o CI leva preposición a, non para. Podería ser *Tráíolle isto a Xaime (CI) para elas (CC)*.

Ollo 3: **Entre todos** (f.prep.) pode ser Suxeito? Por exemplo en *Entre todos fixemos rápido o traballo*. Nunca, o suxeito xamais é unha f.prep. Nese caso o Suxeito está elíptico (Nós) e entre todos é CC.

En resumo

Temos unha fn no nivel da cláusula...

Concorda en número co verbo? **SUXEITO**

É substituíbel por *o/a/os/as...* con verbo predicativo? **CD**

É substituíbel por *o* con verbo copulativo? **ATRIBUTO**

Equivale a un atributo con verbo predicativo? **C. PREDICATIVO**

Non se corresponde con nada do anterior e expresa unha circunstancia? **CC**

Temos unha fadx no nivel da cláusula...

Acompaña un verbo copulativo? **ATRIBUTO**

Acompaña un verbo predicativo? **C. PREDICATIVO**

Temos unha fprep con a...

A preposición acompaña un pronome, nome propio ou indefinido e a frase substitúese por *o/a..?* **CD**

A frase é substituíbel por *lle/lles* en 3ª persoa? **CI**

A preposición depende do verbo e a frase non expresa unha circunstancia? **C. PREP.** (de Réxime)

A preposición non depende do verbo e a frase expresa unha circunstancia? **CC**

Temos unha fprep con preposición distinta de a...

A preposición depende do verbo e a frase non expresa unha circunstancia? **C. PREP.** (de Réxime)

A preposición non depende do verbo e a frase expresa unha circunstancia? **CC**

En certos casos con verbos copulativos pode ser **Atributo** (É *de Ames*) e con predicativos **C. Predic.**